



CONVENIO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA, PARA A COLABORACIÓN NO MÁSTER EN INNOVACIÓN E ESTRATEXIA DIXITAL DA EMPRESA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora da Axencia Galega de innovación da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Innovación ten previsto formalizar coa Universidade da Coruña o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do convenio ata a data de remate do curso de Máster, que terá lugar unha vez finalizadas as prácticas dos estudantes no mes de decembro de 2019. Antes da finalización da vixencia prevista para o Convenio, os asinantes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de catro anos, ou, en caso contrario, a súa extinción.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular a colaboración entre a Axencia Galega de Innovación (GAIN) e a Universidade da Coruña (UDC), en aquelas actividades nas que as devanditas entidades cooperen no desenvolvemento do *Máster en Innovación e Estratexia Dixital da Empresa*, organizado polo Departamento de Economía, a través da Cátedra Jean Monnet de Economía Industrial Europea.

GAIN no exercicio das súas funcións apoiará ás ensinanzas do máster achegando a súa visión da realidade dos servizos e capacidades de innovación para a mellor adecuación das ensinanzas á realidade práctica das empresas, e ao sistema galego de innovación, facilitando a información necesaria para os acordos de prácticas dos estudantes, e autorizando aos seus expertos a impartir leccións no Máster. Isto levarase a cabo respetando o artigo 32 do Regulamento de Estudos Propios de Posgrao, no que se dispón que, cando menos a cuarta parte dos créditos programados para un curso propio sexa impartida por profesorado da propia Universidade.





Pola súa parte, a UDC asume os compromisos de levar a cabo as actividades e tarefas precisas para a Impartición do Máster.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

1. A Universidade da Coruña, de acordo cos seus Estatutos, ten competencia para poñer en marcha Estudos Propios de Posgrao que dean lugar a Diplomas e Títulos Propios desta.
2. A Axencia Galega de Innovación, entidade dependente da Consellería de Economía, Emprego e Industria, ten como un dos seus obxectivos preferentes promover e difundir o coñecemento tecnolóxico e a capacidade de Innovación empresarial, e conta con capacidade de planificación, ordenación e fomento neste eido, así como con experiencia administrativa e persoal experto nestas funcións.
3. A Universidade da Coruña imparte un Máster (60 créditos ECTS) denominado “INNOVACIÓN E ESTRATEXIA DIXITAL DA EMPRESA” de xeito que os alumnos que o cursen con aproveitamento obterán o correspondente Título de “MÁSTER EN INNOVACIÓN E ESTRATEXIA DIXITAL DA EMPRESA”, Título Propio outorgado pola UDC. Este Máster inclúe dous cursos de especialista universitario (30 créditos ECTS) en Estratexia Dixital da Empresa e en Xestión Empresarial da Innovación que se poden cursar por separado nos respectivos Posgraos do mesmo nome.
4. O presente convenio non implica gastos ou cargas financeiras para GAIN. Así mesmo, non implicará gastos nin cargas financeiras para a UDC, máis alá das derivadas da realización do curso.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na *Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014*, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 50.1 da *Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público*, acompáñase a presente memoria aos efectos de xustificar a necesidade e oportunidade, o carácter non contractual da actividade e o cumprimento do previsto nesta Lei, estímase xustificando o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras,

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 28 de marzo de 2018

